



## Concello de Boiro

---

### REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DO CONCELLO DE BOIRO

#### LIMIAR

O marco constitucional recoñece a participación como un valor esencial na organización do sistema escolar en todos os niveis, dende os centros docentes ata o ámbito do Estado, e ese valor é a única vía que permite resolver problemas e buscar solucións a partir do contraste de opinións, do diálogo e do consenso.

Hai tempo que se vén dicindo que o mellor investimento para un pobo é o que se fai na educación da súa cidadanía, só nos abriremos paso na economía do futuro si figuramos entre os pobos cun maior nivel educativo.

A educación é o elemento máis importante para garantir a igualdade e a liberdade das persoas.

Queremos unha escola adaptada ás necesidades do século XXI, que ademais de educar para o coñecemento eduque para as novas tecnoloxías e as novas relacións necesarias entre o profesorado, o alumnado e as familias.

Por iso é fundamental educar no exercicio da participación e esta soamente se aprende se efectivamente se practica. Neste contexto, os consellos escolares son a garantía de que calquera persoa pode exercer o seu dereito de participar no sistema educativo sen máis requisito que a súa propia opción voluntaria e sempre que sexa elixido ou designado polo sector que representa.

Os consellos municipais de educación, como instrumento de participación dentro do sistema escolar, pretenden contribuír á corrección de desigualdades socioculturais, conseguir un ensino máis eficaz e de máis calidade e cohesionar o tecido escolar implicando e comprometendo aos grupos e ás persoas que participen.

No Consello Escolar Municipal atópase representada toda a comunidade educativa: mestras e mestres, alumnado, nais e pais, traballadores da administración e dos servizos educativos, profesionais de ámbitos diversos e responsables políticos do municipio, entre outros.

A Lei 3/1986, do 18 de decembro, dos Consellos Escolares de Galicia establece no seu artigo 15.2 que: “Os Municipios que dispoñan polo menos dun Colexio de Educación secundaria deberán constituír o Consello Escolar Municipal”.

No artigo 17.2 establécese tamén que: “Os Concellos poderán tomar a iniciativa da constitución dos seus respectivos Consellos Escolares Municipais, fixando as normas regulamentarias de procedemento e comunicándolle á Consellería de Educación o acordo Municipal adoptado”.

Así como na Disposición Adicional terceira posibilitárase que: “Transcorrido o prazo, ó que se refire a Disposición Adicional anterior (de tres meses a partir da publicación da Lei no Diario Oficial de Galicia), os que acordasen poderán tomar a iniciativa de constitución dos respectivos Consellos Escolares Municipais de acordo co establecido no apartado 2 do artigo 17 da presente Lei”, e co Decreto 44/1988 do 11 de febreiro polo que se regulan os Consellos Escolares Municipais.



## Concello de Boiro

---

Polo tanto, desde as disposicións legais e da propia capacidade municipal procedente da súa autonomía, e vistos os artigos 27.5, 23.1 e 9.2 da Constitución Española, os artigos 27, 34 e 35 da LODE, 18.1.b) e 25.2.n) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, é posible e conveniente a creación dun órgano municipal de carácter participativo consultivo que designaremos co nome de CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DO CONCELLO DE BOIRO.

### **Artigo 1.- CONSTITUCIÓN**

O C.E.M. constitúese como órgano de consulta e participación cidadá na planificación e intervención educativa do Concello de Boiro, coas finalidades e competencias que de seguido se desenvolven.

### **Artigo 2.- FINALIDADE**

As finalidades do C.E.M. serán as de estudio, asesoramento e emisión de propostas á Corporación Municipal e á Administración Educativa sobre todos aspectos do ensino non universitario que indican na nosa poboación, buscando a máxima participación de todos cidadáns, entidades e organismos interesados no eido educativo. O C.E.M. é polo tanto un órgano de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino non universitario e na planificación dos Centros escolares no ámbito municipal.

### **Artigo 3.- FUNCÍONS**

O carácter de organismo participativo na planificación e intervención educativa non universitaria realizarase por medio das funcións que lle son propias ó C.E.M.: asesoramento, consulta, proposta e información nas cuestións seguintes:

- a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación ou calquera outra Administración Pública, que afecten ó ensino dentro do ámbito municipal.
- b) Actuacións e normas municipais que afecten ós servizos educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, tales como transporte escolar, comedores, servizos de limpeza e conservación.
- c) Actuacións e recomendacións municipais que afecten ou favorezan á ocupación real das prazas escolares coa finalidade de mellorar o rendemento educativo e, no seu caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.
- d) Emprazamento dos Centros docentes dentro da demarcación municipal.
- e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento axeitado dos Centros docentes, de acordo coas competencias que a lexislación outorgue aos Concellos en cada momento, e especial atención á supresión de barreiras arquitectónicas.



## Concello de Boiro

---

- f) Fomento de actividades que tendan a mellorar a calidade educativa, a renovación pedagóxica, os principios da escola activa, e a integración escolar, especialmente no que respecta á adaptación da programación ó medio, para chegar á unha escola democrática, científica, libre, galega e non discriminatoria.
- g) Competencias educativas que afecten ó ensino non universitario e que a lexislación outorgue aos municipios.
- h) A programación de investimentos en materia educativa.
- i) O estudo das necesidades educativas.
- j) Asesoramento ou consultas que garantan unha adecuada escolarización, sen prexuízo do establecido nas normas e disposicións legais vixentes sobre a materia.
- k) Asesoramento, se fose preciso, nos consellos escolares dos centros, si se requirise.
- l) Garantir en todos os centros docentes locais o respecto aos deberes e dereitos de todas as persoas integrantes da comunidade educativa.
- m) Informar de calquera actuación ou modificación que calquera administración educativa.
- n) Coordinar a organización das distintas actividades e servizos que abrangan a varios ou a totalidade de centros, sempre que sexa posible dende as competencias municipais.
- o) Intervenir ante o requirimento de calquera institución pública ou privada, coa pretensión da mellora educativa dentro do marco legal e viceversa na medida do posible.
- p) Asesorar e apoiar ás ANPAS na tramitación de subvencións, realización de informes ou calquera outro aspecto que requiran.
- q) Creación de sinerxías en materias formativas de deporte, cultura ou medio ambiente.
- r) Colaboración na planificación e prevención de situacións de absentismo ou fracaso escolar.
- s) Coordinar os recursos educativos e sociais do municipio.
- t) Uso de centros de ensino público en horario non lectivo para a realización de actividades educativas para a comunidade, sempre e cando exista dispoñibilidade por parte do centro e previa autorización da persoa responsable.
- u) Calquera outro asunto cultural, social ou sanitario que pola súa importancia para a vida escolar do Concello lle sexa consultado.



## Concello de Boiro

---

### Artigo 4.- COMPETENCIAS

Os Concellos e a administración educativa deberán consultar ó Consello Escolar Municipal sobre as cuestións contidas no artigo 3 deste Regulamento.

### Artigo 5.- COMPOSICIÓN

Ó abeiro do disposto no artigo 16, apartado b) da Lei 3/86 e do artigo 31 do Decreto 44/88 dos Consellos Escolares de Galicia, o Consello Escolar Municipal do Concello de Boiro, do ensino non universitario, estará composto polos seguintes membros:

- a) Presidenta/e: Alcaldesa/Alcalde ou membro da Corporación en quen delegue.
- b) Vicepresidenta/e: elixido polo Pleno do C.E.M. entre os seus membros de dereito.
- c) Secretaria/o: A/O Secretaria/o Xeral de Concello, ou persoa funcionaria do mesmo en quen delegue.
- d) Vogais:
  - Sete profesoras/es dos niveis educativos correspondentes ó ámbito do ensino non universitario de Galicia propostos por sindicatos ou asociacións profesionais proporcionalmente á representación obtida nas eleccións sindicais do sector, no municipio, distribuídos da seguinte forma: cinco do ensino público e dous do ensino privado.
  - Catro nais/pais do alumnado propostos pola Federación, ou no seu caso polas Federacións, de Asociacións de Nais e Pais de Alumnas/os.
  - Tres alumnas/os elixidas/os polos representantes do alumnado en Consellos Escolares dos centros existentes no municipio.
  - Sete membros elixidos segundo o que dispoña a Corporación Municipal de entre directoras/es, representantes dos sindicatos, asociacións de empresarios, movementos de renovación pedagóxica, titulares de centros privados e concertados, especialistas en temas educativos, e asociacións de veciñas/os.
  - Unha persoa funcionaria en representación da administración educativa, designada pola Delegación Provincial de Educación.

### Artigo 6.- ORGANIZACIÓN

O C.E.M. estrutúrase en Pleno, Comisión Permanente e Comisión de Traballo.

### Artigo 7.- FUNCIONAMENTO DO C.E.M.

7.1) O Pleno do C.E.M. estará constituído por todos os membros do mesmo.

Para a súa constitución inicial será necesario que asistan, polo menos, os dous terzos dos membros que compoñan o Pleno.

De non acadarse o quórum establecido, procederíase a unha nova convocatoria nun prazo



## Concello de Boiro

---

máximo de 7 días, rexéndose para a súa constitución polo establecido no artigo 10 deste Regulamento.

7.2) O Pleno do C.E.M. haberá de xuntarse, como mínimo, unha vez por trimestre, en sesión ordinaria, e preceptivamente ó comezo e final de cada curso escolar.

Poderá xuntarse en sesión extraordinaria se o considera oportuno a/o Presidenta/e, ou ben se o solicitan por escrito, como mínimo unha terceira parte dos/as vocais do Pleno do C.E.M.

7.3) A convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno do C.E.M. haberá de realizarse cunha antelación mínima de 72 horas, acompañada da Orde do Día, na que se fixarán os puntos a tratar.

7.4) As sesións do Pleno do C.E.M. celebraranse en primeira convocatoria, sempre que concorra a maioría absoluta dos membros de dereito, e en segunda convocatoria, media hora despois de anunciada, se asisten, polo menos, o/a Presidente/a ou Vicepresidenta/e ou vogal en quen deleguen, a/o Secretaria/o, e un terzo dos vocais.

Os acordos adoptaranse por maioría dos votos dos asistentes, podendo formularse votos particulares.

Calquera membro do Pleno do C.E.M., ten dereito a examinar e recibir, se así o solicitara, copia das actas e da documentación das Comisións de Traballo, do Pleno e da Comisión Permanente.

7.5) Serán competencias do Pleno do C.E.M.:

- a) Debater e aprobar os informes e ditames referidos ós puntos explícitos no artigo 4 deste Regulamento.
- b) Elixir a/o Vicepresidenta/e do C.E.M.
- c) Elixir os membros da Comisión Permanente.
- d) Ratificar ás/ós Presidentas/es de cada unha das Comisións de Traballo.
- e) Aprobar a creación das novas Comisións de Traballo.
- f) Aprobar a memoria anual de actuación do C.E.M
- g) Aprobar o informe anual sobre a situación do ensino non universitario no municipio.

### **Artigo 8.- COMISIÓN PERMANENTE DO C.E.M.**

8.1.-A Comisión Permanente do C.E.M. será elixida polo Pleno do C.E.M. e asegurará a representación de tódolos sectores.



## Concello de Boiro

---

Estará formada por: o Presidente, o Vicepresidente, o Secretario, os Presidentes de cada unha das Comisións de Traballo, un ensinante, un pai de alumnos, e un alumno.

Xuntarase, como mínimo, unha vez cada mes, e cando o considere pertinente o Presidente ou os dous terzos dos seus membros.

8.2.-As funcións da Comisión Permanente do C.E.M. serán:

- a) Preparar a orde do día das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno do C.E.M.
- b) Preparar os temas, os informes, as propostas e os ditames para seren debatidos polo Pleno do C.E.M.
- c) Xestionar os asuntos e acordos que lle encomende o Pleno.
- d) Coordinar o labor das Comisións de Traballo.
- e) Elaborar a memoria anual da actuación do C.E.M.
- f) Elaborar o informe anual sobre a situación do ensino non universitario no municipio.

### **Artigo 9.- AS COMISIÓNS DE TRABALLO**

9.1. Dentro do C.E.M. estableceranse Comisións de Traballo, que se poderán xuntar cantas veces o consideren oportuno os seus membros.

En cada Comisión de Traballo haberá un Presidente, un Secretario, e polo menos, cinco vocais.

O Presidente de cada Comisión será elixido no seu seo, e ratificado polo Pleno do C.E.M.

Será membro da Comisión Permanente, e portavoz da Comisión diante do Pleno.

O Secretario da Comisión, que será designado polo Presidente da mesma, realizará a acta de cada unha das reunións e a orde do día de cada unha delas.

9.2. No C.E.M. funcionarán, polo menos, tres Comisións de Traballo:

- 1ª.- Comisión Pedagóxica.
- 2ª.- Comisión de Equipamento Escolar.
- 3ª.- Comisión de Planificación Educativa.

As súas propostas serán elevadas á Comisión Permanente.

9.3. O pleno de C.E.M. poderá establecer outras Comisións de Traballo, se o considera

---

### **Concello de Boiro**



## Concello de Boiro

---

necesario.

### **Artigo 10.-**

O C.E.M. para tratar temas específicos e puntuais poderá solicita-la asistencia de persoas de recoñecida valía ou coñecementos nunha materia, ou de entidades afectadas nun problema, con voz pero sen voto.

### **Artigo 11.- A/O PRESIDENTA/E**

A/O Presidenta/e do C.E.M. terá as seguintes funcións:

- a) Ostentar a representación oficial do C.E.M.
- b) Convocar, presidir as sesións e moderar os debates do Pleno e da Comisión Permanente do C.E.M.
- c) Autorizar coa súa sinatura os acordos do Pleno do C.E.M.

### **Artigo 12.- A/O VICEPRESIDENTA/E**

A/O Vicepresidenta/e asume as atribucións da/o Presidenta/e en caso de ausencia, vacante ou doenza.

### **Artigo 13.- A/ O SECRETARIA/O**

Serán funcións da/o Secretaria/o:

- a) Citar as sesións do Pleno do C.E.M., que convocará a/o Presidenta/e, cando menos con 72 horas de antelación, segundo a orde do día que prepare a Comisión Permanente do C.E.M.
- b) Redactar as actas das sesións do Pleno e da Comisión Permanente do C.E.M., que serán aprobadas na seguinte reunión.
- c) Calquera outra tarefa, relativa a funcións xenéricas da Secretaría, que lle encomende o C.E.M.
- d) Custodiar as actas.

### **Artigo 14.- MEMORIAS ANUAIS**

O C.E.M. ó remate de cada curso escolar elaborará unha memoria da súa actuación.

Igualmente e como dispón o artigo 18, apartado 2 da Lei 3/1986 de Consellos Escolares de Galicia, e o Decreto 44/1988, de 11-2, o C.E.M. elaborará ó remate de cada curso académico un informe sobre o estado do ensino no municipio que enviará, para o seu coñecemento, á Corporación Municipal, ó Consello Escolar Territorial, e ó Consello Escolar de Galicia.



## Concello de Boiro

---

### **Artigo 15.- RENOVACIÓN DO C.E.M.**

a) O mandato dos membros do C.E.M. será de catro cursos académicos. Serán revogados ou ratificados por metades cada dous cursos, en cada un dos grupos polos que foron elixidos.

b) Os membros do C.E.M. que o sexan en virtude de representación que ostenten perderán a condición de tales no momento que cesen como representantes dos seus colectivos.

c) Os membros do C.E.M. que o sexan por colectivos ou entidades poderán ser revogados se os que fixeron a designación o consideran oportuno.

d) No caso de producirse algunha vacante, deberá ser cuberta nun prazo máximo de dous meses. O novo membro será polo tempo que resta completar o mandato.

### **Artigo 16.- SEDES DO C.E.M.**

A sede e lugar de reunións do C.E.M. e das súas Comisións, será nos locais municipais que se determinan ó efectos nas respectivas convocatorias.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.**

O primeiro Consello que se constituía trala entrada en vigor deste regulamento será polo tempo que lle resta á Corporación Municipal para cumprir o seu corrente mandato.

### **DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA.**

Este Regulamento entrará en vigor logo de que se publique enteiraamente o seu texto no BOP da Coruña e transcorra o prazo de quince días hábiles ó que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local..

### **MARCO LEGAL.**

Lei Orgánica 9/95, do 20 de novembro, da participación, avaliación e goberno dos centros docentes; a Lei 25/85, dos consellos escolares; a Lei 3/86, do 18 de decembro, do Consellos Escolares (DOG 26-12-86) e Decreto 44/88, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia e os Consellos Escolares Territoriais e Municipais (DOG 11-03-88, corrección de erros 7-04-88).